

TRAXECTORIA DA CÍA. SANTIAGO CORTEGOSO

Despois de anos de traxectoria profesional como actor teatral en numerosas compañías galegas: Teatro de Ningures, Teatro do Morcego, A Factoría, Nove Dous, Balea Branca Producións, etc.; como actor de dobraxe e audiovisual en numerosos proxectos e como codirector da Aula Universitaria de Pontevedra (cunha montaxe anual desde 2002), Santiago Cortegoso intensifica a súa faceta como autor dramático a raíz da súa participación nos Obradoiros de Escrita "Pistas para unha dramaturxia de actualidade", organizados polo Centro Dramático Galego de 2006 a 2009.

Froito deste traballo no eido da escrita teatral, recibe en 2009 un dos premios máis prestixiosos no ámbito galego: o Rafael Dieste, que concede a Deputación da Coruña, co texto **0'7% MOLOTOV**, que será levado á escena polo propio autor en 2011. Consegue nese mesmo ano unha importante beca do programa do Ministerio de Cultura "Iberescena 2010", para levar a cabo o proxecto dramatúrxico **El charco de Ulises**.

En xullo de 2008, un texto seu de 2005, **Hámster**, é seleccionado para para participar nos "III Encuentros en Magalia", un encontro de novos creadores organizado pola "Red de Teatros alternativos de España", que se desenvolve no castelo de Magalia (Ávila). A raíz desta experiencia, Hámster estréase na Sala Triángulo de Madrid en outubro de 2009 (na que permanece un mes en cartel), baixo a dirección do madrileño Fernando Soto, nunha coprodución entre a propia sala, Juanjotero Producciones (Bilbao) e La Escapista Teatro (Madrid). O espectáculo participa en varios festivais españois de prestixio: Festival BAD (Bilbao), MADFERIA (Madrid), Mostra Internacional de Cangas do Morrazo, Muestra de Autores Contemporáneos de Alicante, etc..

Cortegoso recibe ademais encargos de diversas compañías para realizar traballos de escrita e colaboración dramática: Disque Danza conta cos seus textos para o espectáculo de teatro-danza **Des-Memoria-2** (estreado en 2009). Teatro de Ningures encárgalle en 2009 a concepción dramática do espectáculo de rúa **Os Cómicos dell'Auto**, que resulta nominado nos Premios María Casares como mellor texto orixinal; e en 2010 a participación e coordinación dun proceso de escrita colectiva (xunto a Paula Carballeira e María Armesto) para o proxecto **Homes... Mulleres: O Paraíso terreal**, que se estrea baixo a dirección de Etelvino Vázquez.

En canto á edición, son tres os textos de Cortegoso que foron publicados: **Hámster** (na versión galega), no número 60 da Revista Galega de Teatro; **0'7% MOLOTOV** na editorial da Deputación da Coruña; e **Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica** na editorial Morgante.

En 2010, Santiago Cortegoso promove o seu propio selo de produción para emprender proxectos teatrais dun xeito persoal e independente, nos que poida integrar a escrita dramática no mesmo proceso de creación e posta en escena dos espectáculos. Esta aventura comeza cunha idea sobre a cal levaba tempo investigando e documentándose, xunto á actriz Marián Bañobre: **A filla de Woody Allen**.

Pouco despois de ser estreado (en marzo de 2010), o espectáculo participa en tres dos festivais máis prestixiosos de Galicia: A Mostra Internacional de Cangas, a Mostra de Teatro de Cee e o FIOT de Carballo, ademais de ser seleccionado na Feira Galega das Artes escénicas 2010. Asimesmo, a versión en castelán estréase en setembro na Sala Triángulo de Madrid.